

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Terceiro idioma estranxeiro II: Portugués				
Materia	Terceiro idioma estranxeiro II: Portugués			
Código	V01G180V01705			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Portugués			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia trátase de adquirir coñecementos intermedios de Lingua Portuguesa, chegando ao nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas, xunto con coñecementos sobre as culturas de expresión portuguesa no mundo. Aviso importante para estudantes Erasmus: O ensino de Lingua Portuguesa na UVigo está dirixido a persoas que teñen o Galego e/ou o Castelán como linguas maternas, de maneira que a progresión adoita ser rápida. Por iso, non se recomenda a inscrición a estudantes Erasmus que non teñan xa un nivel B1 nestas linguas e, como mínimo, um nível A2 alto en Lingua Portuguesa.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.

B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C29	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do terceiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.
C30	Sentar as bases das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita.
C31	Coñecer as bases do repertorio léxico básico do terceiro idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
C32	Coñecer a gramática básica e fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais , léxicos e fraseolóxicos.
C33	Coñecer os aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o terceiro idioma estranxeiro.
C34	Mostrar un coñecemento básico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe a perspectiva lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.
C35	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma estranxeiro co propio.
C36	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios da xente que fala o terceiro idioma estranxeiro e alleos.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento basico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B4 B5 B6 B8 B10 B12 B13	C29 C30 C31 C32 C33 C34
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseológicos e gramaticales do terceiro idioma co propio.	A1 A2 A4 A5	B1	C29 C30 C31 C32 C34 C35
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o terceiro idioma estranxeiro e alleos.	A2 A3 A4 A5	B1 B5 B6 B7 B10 B11 B12 B13	C30 C33 C34 C36
Dominio oral e escrito do nivel B1, equivalente ao 'Diploma Elementar de português Língua Estrangeira' (DEPLE) e do 'Certificado de Proficiência em Língua Portuguesa para Estrangeiros' (Celpe-Bras).	A1 A2 A4	B1 B3 B4 B6 B7 B8 B10 B11 B12	C29 C33 C34 C35 C36

Contidos	
Tema	
Contidos gramaticais	Coñecemento específico do idioma referente ao paso do nivel A2 ao nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.
Contidos léxicos	Revisión dos contidos do curso anterior. Léxico específico do nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.
Contidos Pragmáticos	Expresión oral e escrita do idioma (traballos escritos e presentacións). Comprensión oral e escrita do idioma (actividades diversas). Idiomatismos.
Cultura Lusófona	Algúns aspectos pertinentes á cultura dos países lusófonos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	0	8
Actividades introdutorias	2	8	10
Eventos científicos	4	12	16
Traballo tutelado	10	14	24
Estudo previo	4	12	16
Presentación	8	20	28
Resolución de problemas de forma autónoma	6	30	36
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	0	4
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Práctica de laboratorio	2	2	4
Exame oral	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Presentación do programa, directrices que deben ser cumpridas no curso.
Actividades introdutorias	Revisión do contido aprendido no curso anterior. Exercicios orais e escritos.
Eventos científicos	Charlas, seminarios e outros eventos ofertados na Facultade ou noutros espazos culturais.
Traballo tutelado	Traballos con foco especifico na expresión oral con fin de avaliar o proceso de aprendizaxe do idioma.
Estudo previo	Lecturas de libros, relatos, etc. co fin de incrementar o coñecemento do idioma. Presentacións en aula do contido lido.
Presentación	Presentacións de traballos sobre aspectos da cultura lusófona.
Resolución de problemas de forma autónoma	Exercicios gramaticais co obxectivo de verificar o proceso de aprendizaxe do idioma.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	O profesorado fará un seguimento dos traballos e exercicios desenvolvidos polo alumnado, con foco especial na expresión oral.
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesorado fará un seguimento dos exercicios e tarefas que o alumnado debe resolver de forma autónoma.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba de contido especificamente gramatical e léxico.	15	A1 A2 A3 A4 A5	B4 B6 B8 B12	C29 C30 C31 C32 C34 C35

Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba na que a/o estudante demostrará a súa capacidade de comprensión dun texto escrito e/ou oral en lingua portuguesa, a súa capacidade de argumentar, así como a súa competencia escrita e/ou oral en lingua portuguesa.	50	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B4 B5 B6 B8 B12	C29 C30 C31 C32 C36
Práctica de laboratorio	Proba oral, presentación de traballos, etc.	35	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B7 B8 B10 B11	C29 C33 C34 C35

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado debe elixir, de forma obrigatoria, nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre, entre dúas opcións: un sistema de avaliación **continua** (cf. descrición en "avaliación") ou un sistema de avaliación **única.**

É recomendable elixir o primeiro sistema, **avaliación continua,** xa que se trata do ensino dunha lingua estranxeira e é necesario asistir con regularidade ás clases. Quen non teña a posibilidade de asistir ás clases e ás actividades da materia coa frecuencia necesaria debe comunicalo ao profesor.

Primeira edición das actas

No sistema de avaliación continua a nota final estará baseada na media das notas de todas as probas arriba indicadas e o traballo continuado do alumnado. A non realización das probas ou exercicios parciais, previstos polo sistema de avaliación continua, supón o suspenso cunha nota de 0 (cero) puntos na mesma. A data do último exame de avaliación continua (exame escrito e oral de 50%) coincidirá coa data do exame "avaliación única" indicada no calendario oficial da FFT. A data do exame oral será acordada co profesor ao longo do período de exames. A proba oral será gravada en forma de audio.

A **avaliación única** consiste nun exame escrito, realizado en data indicada no calendario oficial da FFT, seguido doutro exame oral, que será realizado no mesmo día nunha aula continua. A avaliación única será valorada da seguinte maneira:

1. Exame escrito teórico-práctico: 75% da nota final.

2. Exame oral: 25% da nota final. A proba oral deberá ser gravada en forma de audio coa debida autorización do alumnado.

Faltar sen xustificación a un destes exames supón o suspenso cunha cualificación de 0 (cero) puntos no mesmo. Para poder aprobar a materia, é necesario aprobar ambos os exames (escrito e oral). No caso de que se suspenda un dos exames, o alumno/a deberá repetir as dúas partes (escrita e oral) na convocatoria de xullo.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios explicados arriba sobre a avaliación única serán aplicados na segunda edición das actas (xullo). A data do exame coincidirá coa data destacada no calendario oficial da FFT.

Consideracións xerais

Copia ou plaxio nos exames de avaliación continua ou única serán penalizados cun suspenso (0 puntos).

Recoméndase a asistencia regular ás clases e ás titorías, así como a consulta regular de materiais e información específica na plataforma Moovi.

As datas e os horarios das probas nas súas diferentes convocatorias seguirán o calendario oficial de exames aprobado pola Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Com ou sem Acento?, Porto Editora, 2012

Ciberdúvidas da Língua Portuguesa,

Corrector ortográfico e sintáctico,

Português para estrangeiros: Gramática básica,

Dicionário Priberam da Língua Portuguesa,

Dicionários on-line de idiomas,

Boléo, Ana, **Por falar nisso ... Manual de expressâo oral em português**, Lidel, 2019

Coimbra, Isabel, e Coimbra, Olga, **Gramática Ativa 1**, Lidel, 2011

Cunha, Celso e Lindley Cintra, **Nova Gramática do Português Contemporâneo**, Sá da Costa, 2000
Duarte, Gonçalo, **Histórias de bolso : 21 contos de autores lusófonos anotados para estrangeiros / escolha dos textos, anotações e exercícios**, Lidel, 2016
Júnior, Joaquim Mattoso Câmara, **Estrutura da Língua Portuguesa**, Vozes, 1989
Kuzka, Robert, **Passaporte para português. 2, Livro do aluno, nível B1**, Lidel, 2019
Mascarenhas, Lúcia; Sousa, Susana Carvalho, **Cultura e história de Portugal : ensino português no estrangeiro, vol. 1 A2/B1**, Lidel, 2013
Rosa, Leonel Melo, **Vamos lá começar! : explicações e exercícios de gramática e de vocabulário : níveis elementar**, Lidel, 2002
Ruela, Isabel, **Vocabulário Temático**, Lidel, 2015

Bibliografía Complementaria

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.), **Dicionário Temático da Lusofonia**, Texto Editores, 2005
Machado, José Barbosa, **Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas**, Edições Vercial, 2009

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Terceiro idioma estranxeiro I: Portugués/V01G180V01506

Outros comentarios

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Aviso importante para o alumnado de intercambio (Erasmus): o ensino de Lingua Portuguesa na Uvigo se dirixe a un alumnado que ten as linguas galega e/ou castelá como linguas maternas, de maneira que a progresión habitualmente é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña ou un nivel B1 nestas linguas e un A2 alto (como mínimo) en Lingua Portuguesa matricularse nesta materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET

DOCENCIA NON PRESENCIAL
*Metodoloxías docentes.
En caso de que as circunstancias obriguen a unha docencia non presencial, manteranse a maior parte das metodoloxías docentes, dado que o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Moovi das indicacións puntuais e dos materiais necesarios para acompañar os eventos docentes e divulgativos.
Procurarase restrinxir ao máximo a sesión maxistral e utilizarase a sala virtual do profesorado para as postas en común e resolución de dúbidas, a corrección de exercicios e a resolución de problemas.
En xeral, indicaranse semanalmente os contidos que se van tratar, así como os materiais que deberán consultar e os exercicios que deberán realizar e entregar.

* Titorías (Mecanismo non presencial de atención ao alumnado).
As titorías non presenciais realizaranse por medio da plataforma Moovi, a través do correo electrónico e de ser o caso, a través da sala virtual do profesorado.

* Contidos a impartir
Os contidos son os mesmos que na modalidade presencial.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
A bibliografía indicada para a modalidade presencial inclúe manuais materiais para a auto-aprendizaxe.
Na propia plataforma Moovi da materia hai materiais bibliográficos útiles para unha aprendizaxe autónoma.

*Avaliación
Mantéñense todas as probas previstas para a modalidade presencial, dado que poden ser realizadas por vía telemática a través de Moovi ou da aula virtual.

* Información adicional
É responsabilidade do alumnado manter o contacto co profesorado así como a súa participación activa no desenvolvemento da docencia, participando nas actividades docentes e realizando as probas de avaliación.
As comunicacións do profesorado co alumnado terán un carácter xeral e irán dirixidas ao grupo, polo que é responsabilidade do alumnado estar pendente desas informacións.
En caso de ter algún problema de tipo técnico que dificulte o acceso á docencia virtual, o alumnado debe poñelo canto antes en coñecemento dos servizos técnicos da universidade (SAUM), onde poderá recibir asesoramento.

====DOCENCIA COMBINADA: PRESENCIAL/NON PRESENCIAL====

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudantado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.